


Jesús, quiero aprender a perdonar.  
¡Cómo me cuesta! ¡Qué difícil es!  
Me pueden las heridas.  
Tú das la vida por los que te matan.  
Yo necesito el perdón de Dios  
y mil perdones de mis hermanos.  
...Quiero aprender a perdonar.

*Evanxeo*  
19-feb-2017  
7º-Ord-A

# Ordinario

"Amade os vosos inimigos  
e pregade por eles".



Deus ámanos ao  
grande, sen medida.  
Nós, ás veces,  
medimos o noso amor.

**Ama e perdooa a TODOS.**  
**INCLUSO ao que che fai dano.**

# Ordinário 70

## • LEVÍTICO 19, 1-2. 17-18: *Amarás o teu próximo como a ti mesmo.*

O Señor falou así a Moisés: «Dille á comunidade dos fillos de Israel: *“Sede santos, porque eu, o Señor, o voso Deus, son santo. Non odiarás de corazón o teu irmán, pero reprenderás o teu próximo, para que non cargues ti co seu pecado. Non te vingarás dos fillos do teu pobo nin lles gardarás rancor, senón que amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Eu son o Señor”*». Palabra do Señor.

## • SALMO 102: R/. O Señor é compasivo e misericordioso.

## • 1ª CORINTIOS 3, 16-23: *Todo é voso, vós de Cristo, e Cristo de Deus.*

Irmáns: **Non sabedes que sodes templo de Deus** e que o Espírito de Deus habita en vós? Se algún destrúe o templo de Deus, Deus destruírao a el; porque o templo de Deus é santo: e ese templo sodes vós. Que ninguén se engane. Se algún de vós crese sabio neste mundo, que se faga necio para chegar a ser sabio. Porque a sabedoría deste mundo é necidade ante Deus, como está escrito: *«El caza aos sabios na súa astucia»*. E tamén: *«O Señor penetra os pensamentos dos sabios e coñece que son vans»*. Así, pois, que ninguén se glorie nos homes, pois todo é voso: Paulo, Apolo, Cefas, o mundo, a vida, a morte, o presente, o futuro. Todo é voso, vós de Cristo e Cristo de Deus. *Palabra do Señor.*

## • MATEU 5, 38-48: *Así se dixo aos antigos; pero eu dígovos.*

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -«Oístes que se dixo: “Ollo por ollo, dente por dente”. Pero eu dígovos: non fagades fronte ao que vos agravia. Ao contrario, se un che dá un lapote na fazula dereita, preséntalle a outra; ao que queira poñerche preito para quitarche a túnica, dálle tamén o manto; a quen te requira para camiñar unha milla, acompañaos dúas; a quen che pide, dálle, e ao que che pide prestado, non o rexeites.

Oístes que se dixo: **“Amarás o teu próximo e aborrecerás o teu inimigo”**. Pero eu dígovos: **amade aos vosos inimigos e pregade polos que vos perseguen**, para que sexades fillos do voso Pai celestial, que fai saír o seu sol sobre malos e bos, e manda a choiva a xustos e inxustos.

Porque, **se amades aos que vos aman, que premio teredes?** Non fan o mesmo tamén os publicanos? E, se saudades só aos vosos irmáns, que facedes de extraordinario? Non fan o mesmo tamén os xentís? Xa que logo, sede perfectos, como o voso Pai celestial é perfecto». *Palabra del Señor.*

(Narrador - Xesús)



## Ama e perdoa a **TODOS.** **INCLUSO** ao que che fai dano.

### 1. VER: Hai xente que nos cae mal

- Todos temos bos amigos, pero hai outras persoas que nos custa relacionarnos con elas, saudalas, acollelas e sobre todo perdoalas. Tal vez nos teñan feito mal e resúltannos molestas.

*Como as tratamos? Somos capaces de perdoalas?*

### 2. XULGAR: Ama e perdoa a todos

- No evanxeo deste domingo, Xesús quere que perdoemos o inimigo: *“Non fagades fronte ao que vos agravia”, “Amade os vosos inimigos, e pregade polos que vos perseguen”, “non amedes só aos que vos aman”, “sede perfectos”...*

+ **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- **Xesús quere que cada día nos parezamos máis a el. Como?**

#### 1. QUERÉNDONOS DE VERDADE CUN AMOR MÁIS GRANDE:

\* **Dinos:** Cando alguén te ofenda non respondas ofendendo, facendo dano, senón facendo sempre o ben. Se alguén te insulta non respondas insultando senón cun sorriso. Se alguén te pide que lle preste un bolígrafo déixalle tamén as pinturas. Se alguén te despreza respóndelle cunha boa palabra. Se alguén te pega non lle fagas dano, saúdao dándolle a man.

#### 2. DINOS: AMADE A TODOS.

\* **E nós nos preguntamos: a todos, todos, todos?** E Xesús dinos que incluso aos que nos fan dano. E segue dicíndonos: Que mérito tedes se queredes só aos que vos queren, pais, familiares ou amigos? Ningún. O noso amor ten que ser máis grande.

3. **XESUS DINOS A RAZÓN POLA QUE ACTUAR ASÍ: porque Deus é bo e actúa así connosco.** Xesús deunos exemplo incluso dándolles a súa vida aos que o mataban.

*É fácil vivir isto? Que podemos facer?*

### 3. ACTUAR: Ama incluso ao que te fai dano.

- Paulo lémbraos que somos templo de Deus e que o Espírito habita no noso corazón: que do teu corazón só saia a bondade, a alegría, a paz, o perdón, o agradecemento, a verdade.

- **Que cada neno/a debuxe un corazón cunha frase:** “hoxe + que onte e – menos que mañá” e que vexan como querer máis a todos.

- Intenta dar a paz a algunha persoa coa que non te leves ben.

**Que estás disposto/a a facer? E o teu grupo?**